

Escolma poética / Primavera 1.989
IX Festival da Poesía / Salvaterra de Minho

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

Escolma poética / Primavera 1.989. IX Festival da Poesia / Salvaterra de Minho (2011 [1989]). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva do Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1328>>.





2 | Por referencia á publicación orixinal

Escolma poética / Primavera 1.989. IX Festival da Poesia / Salvaterra de Minho (1989). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva do Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Escolma Poética / Primavera 1.989

IX Festival da Poesía / Salvaterra de Miño



Escolma Poética / Primavera 1.989

IX Festival da Poesía / Salvaterra de Miño

Traducción: Ant3nio Mascato e Guillermo Fern3ndez
Coordenaci3n editorial: X.A. Su3rez
Edita: Sociedade Cultural e Desportiva Condado
Deseo: Pepe Carreiro
Impresi3n: Grafismar, S.L.

Printed in Galiza

Colaboran:
Xunta de Galicia (Direcci3n Xeral de Cultura)
Deputaci3n Provincial de Pontevedra
Concello de Salvaterra

Indice

Limiar/9

Galiza/11

Bernardino Graña/11
Xavier Rodríguez Baixeras/13
Margarita Ledo Andión/14
María Díaz Vidal/15
X.L. Méndez Ferrín/16
Antón R. Reixa/17
Xulio López Valcarce/18
Xavier Seoane/19
Marta da Costa/20
María do Carme Kruckenberg/21
Anxeles Penas/22
Manuel María/23
María Xose Queizán/24
Rita Mas Ybañez/25
Xose María Alvarez Cáccamo/26
Manuel Rivas/27

Portugal/29

Saudação
Antonio Rebordao Navarro/31
Egito Gonçalves/32
David Rodriguez/33
Isabel Aragao/34
Jose Viale Moutinho/35
Mauricio De Sousa/36

Euskadi/37

Breves consideracións a última produción
literaria euskera/39
Amaia Lasa Alegria/43
Patrizio Urkizu Sarasua/45
Pato Aristi/47

Paisos Cataláns/49

A poesía nos Países Cataláns desde Galicia
Jaume Pomar/51
Josep Ballester/52

A Manolo Soto, no camiño.

Xa imos indo vellos, pois este ano é o noveno que nos xuntamos no Condado para dicir versos, falar cariñosamente mal dos ausentes anque só sexa porque nos furtaron a súa esperada presenza, comer empanada e beber viño (e ó mellor o Picho ten unhas botellas gardadas do mellor e podémosllas foder). A mágoa é que hogano o rubio estea na cadea; pero nós acordarémonos del, e saberemos que el se acorda de nós.

Tamén somos ben tolos, xuntámonos ano tras ano en informal congreso de palabras que leva o vento. E máis tolos aínda cós que imos dicir poemas son aqueles, moitos máis en número, que van para escoitalos. Eu teño que facer un chamamento á sensatez, aínda que sexa tirar pedras contra o meu tellado de vidro. Cidadáns, non vaiades ó " Festival de Poesía do Condado, nin a ningún festival de poesía máis que haxa no mundo, se o hai. Quedade na casa e mirade, digo visionade a televisión: ofrece modelos de vida moito máis concordes cos tempos. Se queredes saír, podedes ir de boutiques e mercar moda galega: farda moito. Podedes tamén ler nova literatura americana: fai moi culto. E non bebedes viño, tomade auga sen gas ou coca-cola ligh: non engordan.

Un supoñer, vós ides ó Condado e escoitades ó Méndez Ferrín que inventa outra fantasía nacionalista: iso xa non se leva. Sobe ó palco o Viale Moutinho, e resulta que dades oídos a un portugués que non é iberista: fai moi pouco europeo-occidental. Vai o Rodríguez Baixeras e lárgavos un soneto coma un diamante: (a quen se lle ocorre facer hoxe esas conachadas? Entre as barbas brancas do Manuel María soa unha voz antiga da terra: (e a quen lle importan esas antiguallas? E etcétera etcétera: (que cantan os poetas galegos de agora? Nada que poida interesar a un cidadán normal, a un home de proveito empeñado en alcanza-lo ideal marcado pola nova aristocracia socialdemócrata, mentalizado no alto labor de crear riqueza a mercar un beemeuve.

Deixade que os poetas se extingan pouco a pouco. Non, non é preciso cumpri-la b árbara consigna do Pexegueiro (¿u-lo Pexegueiro?) que propoñía matar os poetas e celebrarlles pompas. Non é preciso ser tan selvaxes e terciromundistas: abonda cun mesurado desdén, un desprezo de buen tono, un esquecemento suave e fresco coma unha chaqueta de liño cun petroglifo no collar. Pechade as vosas orellas, coma os mariñeiros de Ulises, ás sereas da palabra demasiado tensa dos versos, ás sereas da independencia que se esconden nas illas do socialismo do mar que era de nós alá na prehistoria, alá cando Galicia non estaba aínda en marcha, alá cando os cativos soñaban con ser médicos ou camioneiros ou aviadores e non con emular a Mario Conde ou a Adolfo Domínguez ou a Isabel Preisler. Se me facedes caso, o Noveno Festival de Poesía do Condado será tamén o derradeiro.

Darío Xohán Cabana



BERNARDINO GRAÑA

En Cangas do Morrazo, por detrás do comercio Gandón, hai unha pequena rúa a de Alfredo Saralegui, que forma como un balcón para ver o mar de Vigo. Alí, mirando para o mar, hai dous bares moi coñecidos: o Celta e o Macillos. Entre eles dous, nunha casinha branquiña -que aínda non tiraron abaixo-, aí mesmo, entre son de tabernas e de ventos de mares, nacíu eu hai xa máis de medio século... Pero sabede que aínda me sinto moi neno.

Cando eu era moi pequeniño, meu pai, que se chamaba Bernardino tamén, foi destinado como mestre (ou escolante ou profesor) á vila de Ribadavia, na provincia de Ourense, a carón dos ríos Avia e Miño. Eu, a verdade, do día do meu nacer e do día da miña primeira viaxe no tren a Ribadavia non recordo nada de nada. O que sei é que me gusta durmir nos barcos e nos trens, e debe de ser porque me acostumaron desde pequerrecho. Como sabedes, entre Cangas e Vigo circulan barcos que levan pasaxeiros. E eu fun un dos pasaxeiros xa antes de aprender a andar. O que si recordo é que en Ribadavia, desde moi pequeniño, acostumeime ó ritmo dos trens. Os trens pasaban a rente da nosa casa e eu non espertaba, seguía soñando. E se espertaba, gustábame sentilos pasar, tron-tron, tron-tron, tron-tron. E púñame a soñar que eu viaxaba neles por moitos países sorprendentes.

Na mesma Ribadavia deixamos aquela casa, porque meus pais tiñan medo de que me pillara un daqueles trens. Tanto me achegaba a eles. E fomos para outra máis no centro, fronte á Fonte de Prata. E alí, polas noites, o que sentía xa non eran os trens, senón outra cousa igualmente agradable: o xorrar continuo e abundante da auga. Nas tardes de verán, cando eu facía unha soneca despois do xantar, podía adurmentar ó compás das falas e contos e discusións das mulleres, outra cousa agradable para min. Pero no verán tamén era moi frecuente que me levaran a Cangas do Morrazo. Iso podo recordalo aínda mellor que nada: aquelas viaxes coa miña irmá pequeniña e cos meus pais no tren: tron-tron, tron-tron, tron-tron, entre Galiza e Portugal, e en chegando a Redondela de Galicia, no comenzo da Ría de Vigo, oía a un mozo polo andén: "¡Pastillas de café y leeee", e meus pais compraban aquelas pastillas ou caramelos para a miña irmá e para min, e, mirando despois para a dereita, descubríamos o mar, e había mulleres que falaban moito, pero xa non coma as da Fonte da Prata, senón como a xorrar elas mesmas, polas súas bocas, moito son de auga, moito ssssss-sssss, coas falas cantarinas da xente de beiramar, e eu volvía adurmentarme co caramelo atravesado na boca a zugar doces soños. Emocionaba despois moitísimo cruza-la ría no "vapor" e ver o mar tan amplo, tan limpo, tan cheiroso a sal, con tantos barcos grandes, medianos, pequenos, con tantas gaivotas brancas e chirleantes. A poucos quilómetros de Cangas, en Darbo, a miña aboa e a miña madriña parecían reventar de alegría ó vernos, e dábannos cousas para comer e beber e pola noite moitos contos que contaban, e eu voltaba a adurmiñarme docemente soñando.

Na mesma rúa á que daba a galería encristalada daquela casa do centro de Ribadavia, había outra na que se sentía tódalas tardes a banda de Música "A lira" ensaiando os seus concertos, que tamén me agradaban.

Así que entre os ritmos dos trens, tron-tron, tron-tron, o da Fonte da Prata coa súa auga, coas súas mulleres, cos seus contos, e tamén co ritmo dos ensinamentos do meu pai (daquela aprendiamos todo cantando), axiña me fixen moi gustante de músicas, de cancións, de poesías, de contos... Axiña me púxen a imitar toda aquela riqueza de sons e ritmos e a imitar o meu pai, que gustaba de cantar e ler e escribir tardes enteiras... Púxenme eu a inventar as miñas propias cancións, as miñas propias poesías e os meus propios contos...

Meu pai tiña abundancia de libros e lía moito, e eu púxenme a imitalo e lin e lin, e tiveron que me levar ó oculista, e poñerme gafas, e rompín moitas gafas, porque tamén xogaba ó fútbol e facía as miñas trasnadas... Agora non fago esas trasnadas, pero a verdade é que procuro seguir sendo un neno: é dicir, sigo soñando, sigo lendo, sigo escoitando contos da xente, sigo viaxando e ilusionándome todo o que podo, sigo parecendo un total despistado.

Fun en barco á Gran Bretaña, e en Londres metínme nun tren ata Escocia. Fun varias veces a Brasil... Andei por Grecia, Italia, Marrocos, Portugal, etc. En fin, que aínda non podo vivir do conto, como me gustaría, pero xa entrei e saín e volvíu, como o paxaro Pin-Pir libre e feliz.

Cangas do Morrazo, 14 de Febreiro (día dos namorados), 1979

LAVATIVA (digo: ROGATIVA) DA CHUVIA

Que chova, que chova.
A chuvia todo anova.
Queremos un diluvión
de pementos por Padrón.
Queremos unha enxurrada
de cabalos pola Estrada.
Queremos unha troneira
contra o cemento en Ribeira,
no novo rico orgulloso,
vello burro hoxe mafioso.
Que veñan as coriscadas
e leven as alcaldadas,
e peten polos tellados
de tantos aproveitados,
e perdan sono e sombreiros
os ricachóns usureiros,
e que lles brote unha praga
ós troncos duros de fraga,
e se lle anegue o garaxe
ós de cabeza de laxe,
e se lle cale o motor
ó señor gobernador,
e se lle afogue o curral
ó listo do concellal
e ó banqueiro e conselleiro
que pensa só no diñeiro,
e se lles rompa o chalet
a cantos visten chaquet,
e revente gran pedrisco
na Facenda, contra o Fisco,
e escachicen as vidreiras
das celulosas peideiras,
e, bufando, os furacáns
nos libren dos alemáns,
e apaguen os tristes fumes
de incendios e de lixumes.
De Leste, Oeste, Sur, Norte
chuvia e trens para Monforte.

Que chova, que chova,
que a xente faise loba.

Presentan lindas faces,
mais son lobos voraces.

Bernardino Graña



XAVIER RODRIGUEZ BAIXERAS

Nac. Tarragona, 1945.

Prof. Profesor Ensino Medio. Instituto "Castelao" -Calvario (Vigo).

Obra poética

"La Ciudad sumergida". Col Alamo. Salamanca, 1971

"Fentos no Mar". Ed. do Castro, 1981

"Lembranza do areal". Col. Pero Meogo. Caixa Aforros Ourense, Vigo, 1985

"Os Celestes faiados"

"A Gándara da noite", ámbolos dous incluídos en "Anos de Viaxe" (Poesía 1981-1987. Ed. Xerais de Galicia, 1987.

Tracucción

Ao galego:

Pere Calders, "Crónicas da verdade oculta". Ed. Xerais, 1985
Sebastià Sorribas, "O Zqo do Pitus", Ed. Xerais, 1988.

Cesare Pavese, "O Demo nos outeiros", Ed. Xerais (no prelo).

Ao castelán:

X.L. Méndez Ferrin, "Bretaña, Esmeraldina", Ed. Xerais. J. Viale Moutinho, "En el pais de las lágrimas", Ed. Xerais. 1988
Nélida Piñón, "La Fuerza del destino". Ed. Xerais (no prelo)

X.L. Méndez Ferrin, "Arnoia, Arnoia". Ed. Anaya (no prelo).

Ao Catalán:

X.L. Méndez Ferrin, "Bretanya, Esmeraldina" Ed. Laia, 1988

A SECA

Xa chega a longa seca. Cómo crece
desde o monte das Mámoas, o seu centro.
E nun breve tropel, de longa escaldadura,
o po dissolve greas, vacas bravas,
sixilosos rebaños. Unha gándara
onde renxen espiños, unhas sombras
esgazadas.

E qué fadiga ver-te
sempre alí, namorada dos apeiros,
levada da cabeza polo sul,
escapando das chamas.

Mas tamén
afastada e soturna, sempre igual
a ti mesma, cercada de troviscos.
No corazón da seca vive a fábula
dos bosques mergullados e dos peixes;
o corazón das mámoas expande a longa seca.

A NOSA LUZ

Esta é unha luz alvar e pon arregalados
os ollos dos que espreitan as fachadas macias,
os balcons a onde saen misántropos, espías,
que baixan silenciosos dos celestes faiados.

Deu a cor do balor aos muros traspasados,
tal vez mesmo o seu cheiro a densas galerías,
ten escamas de hortensia para engomar fasquias,
saraivas augacentas para encerar tellados.

E o berro estremecendo nas cortes ao meniño
antergo, transido pola froita que apodrece
no chao dunha capela, no nicho dun pombal.

En mar desaxeitado fabrica un torpe niño
ás gaivotas obesas e trai do temporal
mais luz, a que no fondo dos charcos adormece.

Xavier R. Baixeras



MARGARITA LEDO ANDION

Nacín en febreiro, entre o cinco e o seis.

Por calendario tócame rematar o ano chinés do tigre, ese animal bonito sobre inxenuo que acabará connigo.

Enceto a conta, ás veces, polo ano do gato. Pero non o consigo.

E só perfeccionei, canda eles, desaparecer por entre as sete vidas e nunha que outra liña de fogo ao rás que me alonxa, meu xeneral Líster, cincocentos metros de Galicia. E cecais, para sempre, resinta eu tanto como resista.

LISBOA, ANIMAL TRISTE

Primeiro prohibíronseche cravos vermelhos nos
xardíns do

parque,
animal triste,

porque o patrón non gosta.

E agora que o Chiado é unha cantiga de Vitorino

Salomé

e o Terreiro do Paço sol artificial

en Conversa Acabada

desachegas a testa,

animal triste,

o bico alóngase

e cómese

e chóese

e arrodeas o cuarto con pisadas moles, sen parar
ata que doen sen parar.

Pingadelo cuberto de resinas.

Voce ás voltiñas pola beira baixa.

Cuspetime zampo que sobas na lapa polo camiño
para a rua do ouro.

Lisboa.

Animal raro e doce coma tristura do noso Magic
Circus.

Lisboa.

Fins de agosto.

Margarita Ledo Andión



MARIA DIAZ VIDAL

Naceu en Betanzos (A Coruña), cidade que abandona pronto xa que os seus pais se trasladan a Buenos Aires, a quinta provincia galega por aquel entón. A vivencia do desterro, deisarlle unha marca indeleble que non se esvaece nin sequera co regreso á Patria.

Estudou canto se lle puxo diante: danzas, pintura, arte dramático, contabilidade, idiomas, estética facial... Licenciouse en Filoloxía Románica pola Universidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Nunca puido aprender a vivir.

Na actualidade é profesora de Literatura dun Instituto de Bachelato da Coruña.

Editou con Edicions Xerais de Galicia o poemario "O Vento" que acadara o primeiro premio da Casa de Galicia de LAS PALMAS. Inédito o libro de poemas "Caudal da Lúa".

En castelán editou con Molinos de Agua -MADRID- "Balada para el recuerdo".

Tamén en castelán coa Editorial Torreozas -MADRID- "Concierto de una viola". Sempre poesía.

Colabora asiduamente co dominical do xornal "Ideal Gallego" cunha crítica literaria de divulgación.

Participa con periodicidade nas revistas das Casas de Galicia de calquera país do mundo. Ela tamén coma eles é eterna emigrante.

VACUIDADES

Todo é inútil.

Non hai ceo na terra.

Este é un vello camiño magoadado
por un afán de percurar estrelas.

Somos só enferruxado elo
dunha cadea que se estende infinita
até o solpor da nada e da oquidade.
Eu vou prendida en tí, e tí nestoutro
e aquel no que avanta súa veira,
tentados polos cantos de sirena
dun soño que esmorece cara ó vento.

Tolemia e soidades.
Búsqueda oscura en universos brancos.
Non chamedes ós deuses que non oen,
vós e máis eu ficamos no abandono
ancestral, do tempo e da materia.
Feitos de terra e feitos de miseria
pocirenta e grávida, De ferro.

...e pensamos voar. ¡Voar sin azas!
Sentir fondo no peito amor e rosas.
¡E pensamos voar! ¡Ilusos todos!
Nosos pes son de lama e de cemento.

Non berredes xa máis... Ninguén escoita.

CAUDAL DA LÚA

E posible que a memoria
desdibuxe en noites pechas
os misterios que rodean ás estrelas.

Quizais sexan craras albas
as que deixen
nun sutil lumiar azul
coma pó de estelecente fermosura
envolvente, cegadora, a captación
dunha forza
allea a nós, inda que more
en nós mesmos.

Latexar co esencial coma inherente
ós desexos de xurdir da oquidade
dun vagar incesante na percura
dese supremo gozo:
sermos un coa Natura
un só, indivisible
e único latexo.
Sermos.

Todos insertos na pirámide
enerxética e pura
que introduce
un vértice fugaz até o infindo
até o amor dos homes
até Deus,
para apreixar afondado na mente
ese nítido e total
caudal da lúa.

Maria Diaz Vidal



X.L. MENDEZ FERRIN

Nacido en Ourense, o ano 1938, Xosé Luís Méndez Ferrín é a personalidade máis significativa, polifacética e controvertida do actual panorama literario galego.

Da súa estensa obra literaria, son de subliñar as seguintes:

Relatos cortos:

"Voce na néboa" (1.957), "Percival e outras historias" (1.958), "O crepúsculo e as formigas" (1.966), "Elipsis e outras sombras" (1.971), "Retorno a Tagen Ata" (1.971), "Crónica de nós" (1.980), "Amor de Artur" (1.982) e "Arnoia, Arnoia".

Novela longa:

"Arrabaldo do Norte" (1.964), "Antón e os inocentes" e "Bretaña, Esmeraldina".

Poesía:

"Con pólvora e magnolias" (1.976), "Sirventés pola destrución de Occitania" (1.975), "O fin dun canto" (1.982).

Publica no 1.966 un estudio do Cancioneiro de Pero Meogo, analizando esta importante figura da lírica medieval galega.

VICENTE LOPEZ

"In memoriam"

*"Quero lograr que brille de novo
a solemne palabra:*

-Partido"

V. Maiakovski

Mentras resoa aínda o golpe que che puxo
na banda de acolá desta cousa inútil que nos sega
o alento cada día
e soberbiamente morreches pleno da trurbamulta
de cornamusas iradas
e docemente barrocas,
eu estremezo, eu estremezo
porque a nosa pertinaz marcha cara un adiante
que se alonxa coa ironía incansábel do arco das vellas
está feita de violíns de terra e materiais
absolutos, macizos. Nostáxicos, amigo,
darei mentras me fique un resplandor na vista,
é nostáxico era o teu riso de fronda
nas pasaxes zucradas de todos nós polo vieiro de
tebras
e ledicia casual.
Agárdame paciente nas tuas cousas permanentes
pois devezos por unirme a esa célula fría
onde os mortos do noso Partido militan no sorriso.

(De "O fin de un canto").



ANTON R. REIXA

Naceu en Vigo. Foi cofundador do grupo de comunicación poética Rompente. Ten editados "Silabario da turbina", Rompente Edicións, Vigo, 1.978 (poesía en colaboración). "As ladillas do travesti", Rompente Edicións, Vigo, 1.980. "A dama que fala", Edicións Xerais, Vigo, 1.983. "Historia do Rock and roll", Ed. Universidade de Santiago, 1.985.

jaikus prosaicos (bis)

Un

os homes dun metro oitenta non choran
eu mido un metro setenta e nove

Outro.

"Os bares ocupan a cidade,
nosoutros ocupámo-los bares."

(dunha pintada)

A.R.Reixa



XULIO LOPEZ VALCARCEL

Nace en Lugo no ano 1953.

Sendo estudante en Compostela formou parte do Grupo Poético "Cravo fondo".

Foi Premio Nacional de poesía para menores de 25 anos en 1972, Premio "Guimarães", en Portugal, gañador do "Celso Emilio Ferreiro" do Concello de Santiago de Compostela en 1979 por "Víspera do día", co que tamén chegou a finalista do Premio da Crítica-Galicia...

Participou no libro colectivo Cravo fondo (Ed. Follas Novas, Santiago de Compostela, 1977) coa entrega "Cando as pombas morren a balazos", e nas dúas mostras antolóxicas "De amor e desamor" (Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1984) e De amor e desamor II (Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1985).

Individualmente ten publicados tres libros: "Víspera do día" (Ed. Follas Novas, Santiago de Compostela, 1979), Alba de auga sonámbula (Ediciones Celta, Lugo, 1983) e "Solaina da ausencia" (Algalia Edicións, A Coruña, 1986). "Presaxio de sombras". Barcelona, 1989.

DE NOVO MIRO A LUA SOBRE OS TELLADOS DE MARZO

A Elias X. Torres Feixóo

Recanto último, amenazado refúxio
onde me escondo
percibo pesado sonido de chuvia
contra plásticos.

Cuadrilátero de cemento
golpes de xenebra.

Roupas íntimas acceden ao mastro
dun barco que se sabe derrotado
entre a fatiga grisalla de a cotío.

Lua redonda, ollo iconoclasta,
miro-te de novo sobre os tellados de Marzo
-un auto crucifica en xoves santo
o silencio en algarada-


Alleas a min dormen as xentes
tan achegadas e lonxanas
amándose, quizais, en muxicas
de esperanza.

Só eu desperto, fareiro contra as sombras.

E a lua, fiel, sempre fiel
a mesma lua redonda e pálida
da infancia
-chímpo o toco do cigarro
alén da sétima planta cara a nada-
ilumina, insomne, estas palabras
tremerosas de tinta e de distancia,
a lua, denário homilde para proseguir o soño.

ACONTECE en luns
pola noiteña
tan pouca cousa, a tua persoa,
aleda-me ver-te
finxida
a ternura
ébria botella de naufraxios
o mar
que se desalma.
Unha risa excesiva,
por teléfono a luz, a voz
recoñecida,
un apartamento no Sul.
Difícil saída,
programadas formas
do fastio.
Mergulla-me os signos
da miña propia soidade.
Cara unha calma sen ecos.
Cara ao fondo da noite
mariña.

Xulio López Valcárcel



XAVIER SEOANE.

Naceu en A Coruña, no 1954. Desde 1975 ven desenrolando unha gran actividade nos terreos da creación literaria, da crítica de arte e na animación cultural.

En colaboración con Raúl Reguera publicou o libro "Poesía Experimental" (1978). O seu primeiro libro individual foi "A caluga do paxaro" (1979). Seguiron a este: "Os bosques encendidos" (1981), "Presencias", "A saudade do corredor de fondo" (1985), "Iniciación e regreso" (1985).

En colaboración con Manuel Rivas, publicou o cartafol de poemas "Anisia e outras sombras" (1981).

Colaborou nas antoloxías poéticas "De amor e desamor I" (1984) e "De amor e desamor II" (1985).

Escribiu un libro de reflexións e aforismos titulado "Arca cotidiana/Irispaxaros" (1984).

antes que a húmida terra se adentre no teu rosto
e o silencio comova a tua voz,
antes que o espazo entre no teu corpo
desvele a ausencia orvallo nos teus ollos
e a sonámbula terra que dorme te corroa,
leva-me a esa fronteira que non limita a morte
revela-me as rompentes onde desborda o cosmos
e outorga-me a fortuna e advenimento
dun viver xubiloso alén do sol

e ali onde as criaturas
proseguen en silencio a sua rota
haxa para os meus ollos un tinte de verdor
antes que a húmida terra se adentre no meu rosto
e o adeus definitivo me faga errante sombra

a cotovia canta no fondal mais arcano do bosque
as dedaleiras ferven nas encostas

a pomba silenciosa esplende á luz do sol
o esterco referve como raio recóndito

a ría adormece
nos extintos solpores
o sol é unha alianza vermella na extensión

a serea dun navio ecoa na vastidao sonámbula da hora
a árdora db luar escintila na noite

o mar é unha planície de ébano misterioso
que palpita na sombra

Xavier Seoane
(De "O Canto da Terra", Inédito.1983).



MARTA DA COSTA

Por se queredes saber algo de min...

Nacín en Vigo a poucos días de comezar o outono de 1966. Durante o ano 1987 participei nalgún recital (ás veces con poemas meus, as veces con poemas doutro autor) e tamén gañei o I Premio de Poesía "A Peneira".

O MAR E A AREA.

Que fas aí detida namorada anhelante,
camiñada no vento polos líquidos ollos,
o teu corpo delgado no cais dos sonhos agarda
as cerúleas dornas
que transportan argazo.
As dornas son de vento e cristalinas sulcan
os ronseis das toniñas nos vermellos seráns,
para beixar sen medo os teus ferventes beizos,
os teus beizos, enfebrecidos das horas.
Dime o segredo da esperanza
que eterniza o teu rostro,
ollando coma as dornas sulcan polo tempo,
o cerúleo tempo da búsqueda do argazo
sementador do teu ventre marelo e sen distancia.

Toma estas mans de area e derruba o meu vento
penetrante humidade que endurece o meu corpo.
Sei que agardas nas noites e me beixas seguro
ascendendo lixeiro o camiño de volta.
Toma o meu van marelo e posúe o meu vento
sen argazo e con pétalos de transparentes flores.
Hai estradas de sonhos para camiñarmos xuntos
cando es branco vento ou escuma.
Non agardes a noite que lixeira viaxa,
e posúe o meu vento que conquista as esferas
penetrante humidade que endurece o meu corpo
sei que agardas nas noites. . .

Marta da Costa



MARIA DO CARME KRUCKENBERG

Nacin en Vigo.

Xusto fronte esta maravillosa ría unha doce mañá de primavera. Aquí estudiei, e aquí vivin a meirande parte da miña existencia. Comencei a escribir aos 16 anos, e continuo a facer o mesmo. Debe ser porque non sei facer outra cousa, digo eu.

Caseime, tiven unha filla, prantei unha arbore e publiquei 16 libros.

Hai poucos días rematei outro que se chamará "Alegoría da soedade". Estes dous poemas son deste último traballo.

Viaxei por trinta e tres países de Europa, América e África do Norte. E os meus vicios permanentes son: andar, ver, coñecer e amar o que teño o meu arredor.

Xa sei que a vida ten poucas alegrías, pero a pesares da tristura do mundo, a min gústame vivir.

O demais de min, é cousa miña.

Quixera adoitar a estrutura do espacio
ao movemento acompasado do meu corpo,
o mesmo que os paxaros
xubilosos de inmensidade;
buscan e rachan a luz do vento
coma follas estremecidas.
¿por que non eu?
Navegando polo pozo da vida,
sen a nostalxia silenciosa
de voar escravizada polos recordos
que remataron sen privilexios
unha noite calquera no xardín.

Froito do compromiso compartido,
choran envoltos en cabelos
indecisos
os laios da vergoña,
alongados polas horas sen ritmo
dos corpos imposibles,
que se afogan sen cerimonia
rendidos en lonxanía estéril.

Habería que descorrer o tempo
musical da palabra,
como un cálido exercicio
de orballos recobrados
no término dos reductos máis queridos.

O sentido cromático da luz,
adiviña a incertidume da súplica
que perece desolada
na ribeira do desencanto.

M^a do Carme KRUCKENBERG



ANXELES PENAS

Nace en Teixeira (A Coruña). Fai estudos de Filosofía e Letras, Belas Artes (Escultura), Maxisterio e Música. Escribiu ensaios sobor da obra de Rafael Dieste, Celso Emilio Ferreiro, Castelao, Xohana Torres, Rosalía e outros. Fixo tamén un estudo da obra poética de Eugenio de Andrade. Conta con un premio de teatro e nove de poesía, entre os que destacan os seguintes: Festas Minervais Universitarias do ano 70, Festa da Cantiga da Coruña e III Xogos Frorais Populares da mesma cidade; 1º Premio Nacional Jorge Manrique polo seu libro "ya soy para tu muerte". Diu recitais de poesía na Caixa Galicia da Coruña, na librería Lume, no instituto de Cooperación Iberoamericana de Madrid, na Casa do Brasil de Madrid, no Centro Cultural "Conde Duque" e Centro Galego de Madrid, etc. Asimismo deu conferencias sobor da arte contemporánea, sobor da obra de Rosalía, etc. Con Mª José Goyanes montou o espectáculo: "Cen anos de poesía feminina galega", na Caixa Galicia da Coruña. Aparece nas seguintes antoloxías "Escolma da poesía galega" de Xosé Lois García; "Poetisas galegas do século XX" de Maximino Cacheiro Varela e "Queimar as meigas" de Elisa Vázquez de Gey. Ten publicados os seguintes libros: "Galicia, fondo val", "Con los pies en la frontera" e "Ya soy para tu muerte". Inéditos: "Galicia, meu senhor", "Os anales do vento", "O santuario intocable", "Rocambola náufraga", "Amor Deshabitado" e "A vara do zohorí". Ven colaborando, dende o seu comenzo, co Festival de Poesía do Condado.

POEMA DO LIBRO "AMOR DESHABITADO"

A noite agocha tigres que cravuñan as zoupas
polas cales dos muros e rabuñan esquinas,
dan poutadas no rostro do senlleiro e atesan
as raíces dos bosques,
poñen en pé de guerra as sombras solerminas
que nos hocos e fendas agardan achantadas

Antes a noite abría a frol azul, tombaban
os amantes brillando tal pérolas de estrelas,
a cantiga da selva arrolaba o su niño,
o veludo das follas a fronte acariñaba,
un gozo puro e limpo bruníalles os corpos
e deixábaos perfectos coma cantos rolados,
os xardís tremoaban de sentilos tan ledos
e todo o seu espacio era o reino de urano;
embebedante aroma de xasmín e datura
perfumaba o seu leito.
Surrían os planetas sobre o seu xogo neno.
Pois ninguén sarillaba.
Nin ninguén sarillaba.
Nin ninguén profanaba os sagros circuitos
(onde amor se acollía.

Polas outas oxivas de dourados castelos

saían arroubados os ecos das cantigas
do troveiro, enlevado de amor da sua dama.
A noite era un estanque de inocencia con lotos.
Vede agora eses fíos que apontoan as roitas,
os aramios de espiño que pechan os camiños,
a cega noite triste do cazador, ergueito
contra a propia ledicia;
vedes os dentes de fera que regañan esgazos,
a urizada canalla, as navallas de morte,
cadelas asesinas que ladran polo sangue,
milleiros de xendarmes agochados nas sombras,
as olladas obscenas que lixan os verxeles
que antano foran templos.
Vede o cárcere horrible construído dos homes.

Outras noites agardan outras labercas doce,
máis alá destas selvas;
non hai outras esperanza pare este ferro:
a agarda

das mornas anduriñas, de aleiros protectores,
de ruas encaladas que o senlleiro atravesa
sin que nada ameace o seu paso acougado.
Aínda teiman os corpos abrir goiosos ríos
no amarguexo da noite;
aínda trenzan liturxias de remoto recordo,
mais de noite despertan sin saber qué buscaron,
sepáranse feridos de valeiro ou devalan
entre os grises balados de cidades sin alma.

Anxeles Penas



MANUEL MARIA

Naceu no 1929, ten unha farturenta obra poética publicada da que mentamos: Poemas ao Outono, Poemas pra construír unha patria, O libro das Baladas, Catavento de neutrós domesticados, As ruas do vento ceibe, Os sonhos na gaiola, Poemas da labarada estremecida, Versos de lume e vagalume, A luz resucitada, Terra Cha, Oráculos para cabaliños do demo, As lúcidas luas do outono,...

El mismo, resume así a súa vivencia poética:

Nacín, hai varios anos, en Outeiro de Rei da Terra Chá. Levo máis de media vida vivendo, na compañía de Saleta, en Monforte, outa e fachendosa acrópolis, sobor do Val de Lemos. Cando non teño con quen falar escribo versos.

Teño a firmísima sospeita de que un día morrerei.

A terra faise en tí,
Saleta, sotileza,
chama apaixonada
e transparente,
levedade de neve,
torrente e forza
de seiva poderosa,
música de vento
entre abelairas,
raio máxico de lua,
murmurio de regueiro,
frol de cerdeira
ou pinga de orballo
emocionada, tremando
sobor do pálido rubor
da rosa namorada.

Cervo, frol dun sonho, tremor
emocionado da terra
cando se prepara alborozada
pra recibir á primaveira,
tépedo vento milagreiro
que cruza e ilumina
a floresta, lóstrego
que deixas nos nosos ollos
a sorpresa, a camelia gris,
pura e branca da nostalxa.
Cervo feito de luz, orballo,
claridade de alba, dourada
melancolía do outono, símbolo
do meu perfecto amor maduro
de anceios, de sonhos e de sedes:
gallopa novamente o meu
cansado corazón esgarecido
pra que poida sentir
unha vez máis, só unha vez,
á xuventude
florecedo de novo no meu sangue.

Manuel Maria



MARIA XOSE QUEIZAN

Profesora de Lingua e Literatura Galegas no INB. Coordinadora de FESTA DA PALABRA SILENCIADA.

OBRA:

Novelas:

A ORELLA NO BURACO. Ed. Galaxia 1965.

AMANTIA. Ed Xerais. 1984

O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA. Tintimán. 1986

A SEMELLANZA. E. Sotelo Blanco. 1988

Ensaaios:

A MULLER EN GALICIA. E do Castro. 1977

A NOVA NARRATIVA OU A LOITA CONTRA O SENTIMENTALISMO. Grial núm. 61, 1979

RECUPEREMOS AS MANS. Ed. do Cerne. 1980

Teatro:

ANTIGONA, A FORZA DO SANGUE. Ed. Xerais 1989

Guión Cinematográfico: CON HOXE E CON MAÑA. (Premio Nós Cinematográfica, 1976

Guión de Video: PRISCILIANO.

A quen lle deste a voz
Galiza?

No crepúsculo navegamos
espellos de decadencia.
Saudade do que non foi
demorada nos pazos
onde moras.

Con que mapoulas te arrolan
Galiza?

Por mares de desencanto
alongamos brazos insonnes
rescatando algas de dignidade
do outro lado do horizonte
como vagalumes.

Galiza, escapa
mira esta fiestra que te abro
Luz!

Tristeza
garza real na pedra
frente un río metálico
inverno.

Beleza
emoción do breve
equilibrio da garza e do río
comigo.

Plenitude
suspendida nesa hora
son garza, son río
deusa.

Soedade
a garza erguera o voô
deixara un río sen luz
núa.

María Xosé Queizán
Xaneiro 1989



RITA MAS YBAÑEZ.

Naceu en Vigo no ano 1964.

Forma parte do grupo de poesía posromántica no café Enol. (Madrid) 1985. Recibe o premio Juan Gris de narrativa.

1986 Forma parte do grupo Acción Arte de Vigo.

1987 Participa no Patronato Nacional San Javier de Teatro en Murcia coa obra "El barquillero de Samoa".

E autora entre outras das seguintes obras en galego:



"Manifesto da Historia nevoenta" (poesía)

"Descántigas a Don Pedro de Gamarra" (Relatos)

Hai tempo que remataches as túas singularidades. Poideron ser "singularidades de uma rapariga loura", pero Ti non és un conto escollido de Eça de Queirós.

leín a tua fotografía de sorriso na praia:

Unha nena de cabelos dourados asemel-
lando ledicia que vivía baixo o ron-
sel dunha mosca.

pero Ti non és Analía* agardando príncipe, nin levas zapatíños de cristal para percorrer as rúas.

Compre sinalar a calidade da imaxen, pareces unha rapaciña, sen dúbida tiñas o vento a favor, o sol a favor, o mar a favor, Animus e Anima* a favor, mesmo parecías Astarté dourada, Danae dourada, Afrodita dourada, fermosa filla dourada dun Midas botando arrotos dourados.

Hai tempo que remataches as túas singularidades. Contáronme que andas fuxindo da chuva, que deixaches sen pagar o leite no supermercado. Dixéronme que fumas máis, que non escribes poemas de amor, cicáis unhas follas sen rematar falando dunha viaxe que escomenzaba en Toronto. Dixéronme que vendiches os contos antergos de Perrault, e que daquela, mercunos unha rapaza de cabelo dourado que aínda non sabía leer,

Unha nena de cabelos dourados asemellando ledicia que vivía baixo o ronsel dunha mosca.

**"O sorriso da princesa Analía" (conto Africano)*

Animus e anima. Femenino e masculino dunha muller, segun IUNG)

Rita Mas Ybañez. Vigo 1988.



XOSE MARIA ALVAREZ CACCAMO

Naceu en Vigo o 6 de xullo de 1950. E hoxe profesor de Literatura nun Instituto desta cidade. Colaborador frecuente en revistas e xornais con artigos sobre temas literarios e de artes plásticas, ten publicado as seguintes obras:

POESIA.

Laberinto el clavicordio, Vigo 1977.

Praia das furnas, Vigo 1983.

Arquitecturas de cinza, Vigo 1985.

Os documentos da sombra, Barcelona 1986.

Luminoso lugar de abatimento, Ferrol 1987.

Cimo das idades tristes, Barcelona 1988.

TEATRO.

Monstro do meu labirinto, Barcelona 1987.

Casa dormida, A Coruña 1988.

INVESTIGACION.

Galego Cero, Vigo 1979.

Celso Emilio Ferreiro: Longa noite de pedra, A Coruña 1985.

Xosé María Álvarez Blázquez: Poesía galega completa, Vigo 1987.

CELSE EMILIO

Tes as horas da atmosfera do abrente
ardendo-che no corpo e na memoria
que usas desde a noite en que fuxiras.
Es agora o de sempre. Camiñando
coas botas de pescar pola ribeira,
de madrugada alcanzas a casa provisoria
que no rio fixeron os fillos do sol.
No corazón da porta o teu chamado
levanta o pó de xoias dunha brisa
de birulicos, ánadas, pardelas. Cantas
para esquencer a raiva do teu tempo.
Estás cantando, Celso, hai unha casa
nas ribeiras da paz e ali che escoitan
historias decavalo pola gándara
e novas descubertas da profunda
fraga do sul, e saben crer-te
